



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E PERFORMA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

En Santiago de Compostela a XX de XXXXXX de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, en calidade de alcalde do Concello de Santiago de Compostela, NIF 1507900-G, con domicilio para, a estes efectos no Pazo de Raxoi, praza do Obradoiro, CP 15701, en Santiago de Compostela e

Doutra, Mónica Maneiro Jurjo con DNI 44809148L en nome e representación de PERFORMA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA na súa calidade de Presidenta, con CIF F70612080, e con enderezo na rúa Pérez Constanti, nº 12, 15702 Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1. O Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En particular, exercerá, en todo caso, como competencias propias e nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, as correspondentes á promoción da cultura e aos equipamentos culturais, ao abeiro do artigo 25.2.m da citada lei.

Neste contexto, o Concello de Santiago de Compostela quere impulsar a recuperación da vitalidade da cidade mediante a promoción de iniciativas e accións que xorden do tecido cultural co obxectivo de fomentar a súa autonomía e consolidación. Este convenio intenta favorecer a diversificación de propostas e potenciar a actividade cultural descentralizada nos lugares públicos ou privados.

2. PERFORMA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA é unha cooperativa sen ánimo de lucro que ten como fins: a) Promover e difundir a cultura galega. B) Dignificar e apoiar a normalización da lingua galega. C) Dar a coñecer a historia, a literatura e demais expresións propias da nación galega.

Para levar a cabo os seus fins, PERFORMA poderá organizar as actividades fixadas pola súa asemblea xeral e a xunta directiva, tales como: a) Traballos de consultaría, xestión produción, deseño, comunicación e marketing centrados no desenvolvemento estratéxico, conceptual e a xestión integral de proxectos culturais,

educativo e de innovación empresarial B) Asesoramento, organización, produción , programación ou ideación de festivais, congresos, exposición ou eventos relacionados coa arte, as artes vivas, a música, o deseño, a arquitectura, a gastronomía e outras disciplinas creativas e culturais C) Labores de formación, educación e mediación. D) Calquera outra actividade que sexa necesaria ou convinte para o mellor aproveitamento económico e técnico, laboral social ou formativo da cooperativa e do traballo das súas persoas sociais.

As actividades culturais de PERFORMA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA resultan de especial interese para a cidade de Santiago de Compostela polo seu impacto positivo na promoción e difusión da cultura galega. Con este motivo, o Concello de Santiago de Compostela e PERFORMA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades.

Con ese obxecto, tendo en conta a especificidade da colaboración e que, consonte o previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios son o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, ao abeiro do artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes comparecentes acordan subscribir o este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Serán obxecto deste convenio as actividades que PERFORMA desenvolve en Santiago de Compostela coa finalidade de promocionar e difundir a cultura galega en Santiago de Compostela nos termos detallados no anexo 1, que, en todo caso, terán carácter cultural, executaranse dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, serán abertas, deberán beneficiar colectividade xenéricas de persoas e non estarán destinada exclusivamente a socios ou socias da entidade.

SEGUNDA. OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello de Santiago colabora economicamente no desenvolvemento destas actividades (anexo I) coa cantidade de 50.000€ que serán ingresados na conta que PERFORMA, SOCIEDADE COOPERTIVA GALEGA con CIF F70612080, ten ao seu nome en ABANCA (ES44 2080 0341 1530 4005 0249)

Esta achega será compatible coas doutras entidades públicas ou privadas e coas complementarias que o Concello poida establecer, sempre e cando a suma das axudas

e dos ingresos atribuíbles a cada actividade non supere os custos.

A achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 4890008 dos orzamentos municipais aprobados para o ano 2023.

En todo caso, as achegas correspondentes á vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA. OBRIGAS DA BENEFICIARIA

Son obrigas da entidade beneficiaria as establecidas con carácter xeral no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as indicadas no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as establecidas no presente convenio, aprobado polo Concello e, en todo caso:

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto da subvención no lugar onde se realicen as actuacións por medio dun cartel coa imaxe corporativa do Concello de Santiago, na internet e na restante documentación física ou electrónica que se puidese xerar, facendo constar en todas as actividades que están subvencionadas polo Concello de Santiago de Compostela.
- c) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou desfrute da subvención.
- d) Presentar a xustificación por rexistro ao abeiro do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, ademais, enviar o formulario CS023N en formato .pdf e en formato editable (.doc, .docx ou .xlsx) por correo electrónico a teatroprincipal@santiagodecompostela.gal, co detalle da xustificación de gastos realizados e imputados á xustificación da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro dos órganos competentes e achegar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e, en particular:
 - o Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos

debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, así de coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- o Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- f) Comunicarlle ao Concello a solicitude e obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas xunto coa xustificación das actividades.

CUARTA. GASTOS ELIXIBLES

1. En xeral, son gastos elixibles e, por tanto, subvencionables, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención, en particular: programación, persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade e gastos xerais, tendo en conta que:
 - En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
 - Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado por este convenio.
2. Especificamente:
 - En relación cos custos de persoal necesario para a preparación ou execución das actividades:
 - serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados, incluíndo as cotizacións á Seguridade Social, e
 - non serán subvencionables os custos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade subvencionada.
 - En relación cos custos materiais derivados da preparación ou execución da actividade subvencionada:
 - serán subvencionables a elaboración de materiais, os gastos de publicidade específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina) e outros gastos correntes que estean debidamente xustificados e se consideren estritamente necesarios para a preparación ou execución da actividade

subvencionada, e

- non serán subvencionables os custos materiais que non estean directa e exclusivamente relacionados coa preparación ou execución da actividade subvencionada.

3. Non se consideraran gastos subvencionables para os efectos desta subvención:

- os de adquisición de equipamento e material inventariable, tales como inmoables, vehículos, equipos informáticos, de telefonía ou maquinaria, sendo esta relación meramente ilustrativa e non limitativa
- os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais, rexistrals, periciais e os de administración, a non ser que sexan gastos específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada exclusivamente e indispensables para a súa adecuada preparación ou execución,
- os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, e os gastos de procedementos xudiciais.

4. Especificamente, os gastos de aloxamento, desprazamento e manutención terán en todo caso os seguintes límites máximos:

4.1. Cuantitativos:

- a) Por aloxamento, 70,00 €, IVE incluído, por persoa e día.
- b) Por manutención, 20,00 €, IVE incluído, para cada xantar ou cea, e 15,00 €, IVE incluído, para cada almuerzo, cun máximo dun almuerzo, un xantar e unha cea por persoa e día.
- c) Cando no aloxamento fose incluída a manutención (noite de pernocta con almuerzo, xantar ou cea incluídas) o límite conxunto por aloxamento mais manutención será de 125,00 €, IVE incluído, por persoa e día.
- d) Por desprazamento:
 - i. Ou ben 0,19 € por quilómetro, mínimo exento de tributación para efectos de IRPF
 - ii. Ou ben custo real do desprazamento en transporte público, IVE incluído

4.2. Cualitativos: correspondentes a gastos ocasionados por:

- a) A persoa que executa a actividade (conferenciante, monitor, intérprete ou similar).
- b) E un máximo dunha persoa se esta fai as funcións de presentadora ou similar,
- c) Exclúense os gastos doutras terceiras persoas que poidan

acompañar, sexan ou non persoal remunerado ou non remunerado da entidade beneficiaria da subvención (exclúense en particular gastos de aloxamento, desprazamento ou manutención de traballadoras, voluntarias, persoas en prácticas ou membros do órgano de goberno da entidade, a non ser que executen a actividade.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Con respecto á forma de pagamento, estarase ao disposto nas Bases de execución do Orzamento xeral do Concello de Santiago vixente e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase logo da xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados para este efecto.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto para cada actividade e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

En particular, as cantidades xustificadas con contías inferiores aos gastos orzados, sexa no total ou no parcial dunha ou de varias partidas concretas, serán obxecto da correspondente minoración no importe da subvención cos seguintes límites:

- a) A diminución da cantidade xustificada con respecto ao orzamento de gastos totais da actividade (custo total da actividade orzada no anexo 1) poderá ser dun máximo dun 25%, e, ademais, condicionada a:
 - i. que a suma total de ingresos e subvención non supere o importe dos gastos realizados, e
 - ii. que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actividade subvencionada.
- b) A diminución das cantidades xustificadas con respecto a cada partida orzada non poderá exceder do 50 % (naquelas partidas que superen o importe de 2.500 €), ou da súa totalidade nas de importe igual ou inferior a 2.500 €. Todas estas

desviacións poderán ser compensadas co aumento de gasto nas restantes partidas até cubrir o importe diminuído, sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actividade subvencionada.

5.1. A **xustificación do cumprimento das finalidades** que motivan a sinatura do convenio farase achegando, por rexistro consonte o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a seguinte documentación:

- a. Formulario CS023N, que tamén se achegará debidamente cuberto en formato .pdf e en formato editable (.doc, .docx ou .xlsx), por correo electrónico a teatroprincipal@santiagodecompostela.gal, co seguinte contido:
 - i. detalle da xustificación de gastos realizados e imputados á xustificación da subvención
 - ii. relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, e dos fondos propios achegados
 - iii. declaración responsable de que a entidade non incorre en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións
- b. Memoria de actividade.
- c. Relación completa de todos os gastos imputados á actividade obxecto da subvención, agrupados por apartados orzamentarios.
- d. Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras entidades públicas ou privadas e ingresos xerados pola actividade.
- e. Xustificantes orixinais dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, por un importe igual ou superior ao orzamento presentado pola beneficiaria na solicitude. Non se aceptarán as facturas en cuxo concepto non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, obra ou servizo facturado.
- f. Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos imputados á subvención concedida.
- g. Catálogos, programas, carteis, folletos, blogs e webs empregados para a difusión e promoción da actividade e copia en formato CD, DVD ou arquivo dixital, dos soportes visuais, gráficos ou sonoros empregados. A documentación dixital poderase achegar por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos de comprobar a realización da actividade.

- h. Certificados de ausencia de débedas coa Axencia Española de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social coa Xunta de Galicia.
- i. Certificados de ausencia de débedas co Concello de Santiago de Compostela, única e exclusivamente para o caso de non autorizar a consulta directa.
- j. Tarxeta de identificación fiscal.
- k. Certificado de titularidade da conta bancaria na que debe realizarse o ingreso.

5.2. A **xustificación documental do gasto** efectuado con cargo á actividade obxecto de subvención a que se refire o punto anterior satisfarase coa presentación de:

1. Facturas:

- a) **Facturas** orixinais de gasto (correspondentes ao período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, se é o caso, a documentación acreditativa do pagamento, xunto cos xustificantes bancarios que o acrediten. As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, se é o caso coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, a respecto das exencións en operacións interiores.
- b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, presentaranse en **orixinal, a través da sede electrónica**.
- c) A **xustificación do pagamento** das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante **xustificantes bancarios** (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria ou outro) en que consten os requisitos especificados polo artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, a data de expedición, o obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de identificación fiscal de quen expide a factura e domicilio de ambas. Se un xustificante de pagamento inclúe varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento aquelas das que é obxecto.

d) Cando o **pagamento se realice de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga e deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor.

e) Nas **facturas pagadas en efectivo** deberá constar o selo da empresa, con indicación da expresión “recibín” ou análoga e a sinatura e a data do pagamento. En todo caso, o importe máximo como xustificante de gasto admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación desta subvención establécese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

2. Gastos de persoal. Para o caso de imputar gastos de persoal deberán achegarse:

a) Copias dos contratos dos/as traballadores/as destinados especificamente á actividade ou programa obxecto de subvención e, de non cadrar a categoría especificada no contrato de traballo cos labores asignados ao proxecto ou actividade subvencionada este extremo deberá acreditarase ademais co currículo da persoa empregada e coa documentación acreditativa da formación que a habilite para desempeñar a dita función.

b) Nóminas do persoal e xustificantes do seu pagamento mediante transferencia bancaria, que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, mes ao que corresponde e concepto (data da nómina a que se refire) e ordenante.

c) Seguros sociais e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria:

- Relación nominal de traballadores/as (RNT), antigamente denominado TC2.
- Relación de liquidación de cotizacións (RLC), antigamente denominado TC1.

d) Retención á conta do imposto do IRPF e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.

e) Os gastos de persoal deberan acreditarse mediante certificado de empresa no que se acrediten os custos de seguridade social e de empresa, asinado polo titular ou representante legal da entidade. E, en todo caso, deberá acreditarse mediante

declaración responsable da persoa que represente legalmente a entidade beneficiaria que o persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada.

5.3. A **xustificación documental do pagamento** dos gastos realizarase por algunha das seguintes formas:

- a) Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarse mediante copia do resguardo do cargo e conterá, en todo o caso, a data da transferencia, o importe, o concepto, o número de factura, a persoa ordenante e a provedora.
- b) Cheque. Ademais da copia do cheque asinado, xustificarse mediante copia do certificado Bancario que deberá indicar a data do cargo en conta, o número, a persoa destinataria e a entidade emisora.
- c) Efectivo. Só se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministracións adquiridas en establecementos públicos como correos, supermercados etc.). Non poderá superar en ningún caso a contía de 600 € (seiscentos euros) por factura. Acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibo da persoa provedora, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF da provedora, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para os pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito ou de débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade e deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) De achegar xustificantes de pagamento bancarios nos que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que a entidade beneficiaria achegue xunto coa transferencia un certificado bancario da titularidade da referida conta.

A presentación da xustificación realizarase seguindo o modelo do CS023N.

Cando a xustificación sexa incorrecta ou incompleta, requiriráselle á entidade que corrixa os erros ou defectos observados ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, logo de adoptada a resolución, a revogar a subvención ou a minorala no que corresponda.

SEXTA. NATUREZA ADMINISTRATIVA, INTERPRETACIÓN E AVALIACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o

control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido.

O Concello de Santiago poderá, cando o considere oportuno, comprobar o estado de execución das actividades obxecto do convenio. Crearase unha comisión mixta de seguimento da súa execución e para resolver e interpretar controversias, formada pola persoa titular da Concellaría de Acción Cultural e pola representante da beneficiaria da subvención.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto á súa interpretación, resolución e efectos, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local. Os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde que se notifique a resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

SÉTIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

A alteración das condicións que se teñan en conta para conceder as subvencións e a obtención concorrente doutras subvencións, axudas ou recursos (ou doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras) poden dar lugar a que se modifiquen a resolución inicial de concesión e, eventualmente, á súa revogación nos termos establecidos na súa normativa reguladora. Nese caso, o Concello de Santiago de Compostela pode reclamar o reintegro total ou parcial da suma concedida á entidade beneficiaria nos termos anteriormente estipulados.

Procederá a nulidade e resolución do convenio, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas contidas neste convenio e tamén nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerase polo procedemento establecido no artigo 38 e no título VI da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tamén se extinguirá e resolverá ao abeiro do previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1

de outubro, do réxime xurídico do sector público.

OITAVA. COMUNICACIÓNS

Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa etc., así como o obxecto mesmo do convenio, realizaranse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela aprobado polo Pleno do Concello o 29 de decembro de 1988, publicado no BOP o 15 de abril de 1989, especialmente no seu artigo 8.

NOVENA. DURACIÓN

A vixencia deste convenio é de 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2023. Este convenio rexerá durante o ano que andamos e poderá ser prorrogado para o seguinte por acordo expreso das partes cos mesmos obxectivos e por unha contía económica non inferior, supeditado á existencia de consignación orzamentaria.

DÉCIMA. DATA DE XUSTIFICACIÓN

A xustificación deste convenio terá como data límite o 31 de outubro de 2023.

UNDÉCIMA. RESPONSABILIDADE

Será responsabilidade da entidade beneficiaria a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requiridas polas actividades incluídas no convenio, dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiras persoas por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSPARENCIA

1. En relación coa protección de datos persoais e privacidade, os datos persoais facilitados serán tratados única e exclusivamente para a xestión de subvencións, nos termos detallados no rexistro de actividades de tratamento ao que se pode acceder publicamente en:

http://santiagodecompostela.gal/e_santiago/interior.php?txt=cc_proteccionde_datos&lg=gal.
2. Sen prexuízo do anterior, aplicaranse as disposicións do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas (artigo 7.5), así

como a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 18 e 20), a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (artigo 15) e, se é o caso, a lexislación correspondente na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O responsable do tratamento é o Concello de Santiago de Compostela, NIF: P1507900G, con enderezo na Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).
4. As persoas interesadas cuxos datos estean a ser tratados polo Concello poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia.
5. Para o exercicio destes dereitos, a persoa interesada poderá presentar unha solicitude dirixida ao alcalde por rexistro, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (a oficina principal do Rexistro Xeral atópase na rúa do Presidente Salvador Allende 4 baixo, 15705, Santiago de Compostela).
6. As persoas usuarias poden poñerse en contacto co delegado de protección de datos pola mesma canle ou a través do enderezo de correo electrónico dpd@santiagodecompostela.gal se consideran que algún dos seus dereitos non se ten atendido correctamente.
7. Así mesmo, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, mediante escrito dirixido a: Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid, ou accedendo á sede electrónica a través da seguinte ligazón:
<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

En proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado, no lugar e data do encabezamento.

Polo Concello de Santiago

Por Performa, Sociedade Cooperativa
Galega



Xosé Antonio Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Mónica Maneiro Jurjo
Presidenta



ANEXO 1. ACTIVIDADES CULTURAIS DE PERFORMA. SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA O ANO 2023

PLATAFORMA. FESTIVAL DE ARTES PERFORMATIVAS 2023

Do 7 ao 15 de xuño de 2023

PLATAFORMA é o festival de artes performativas de Santiago de Compostela, un evento que se consolidou como unha das citas imprescindibles en todo o panorama nacional.

PLATAFORMA, un festival innovador e responsable, seguro e comprometido coa igualdade, coa diversidade cultural e coa sustentabilidade, quere posicionarse no universo da economía circular dedicándolle unha sección exclusiva a partir de 2023 en colaboración con Signus Ecovalor.

A edición de PLATAFORMA 2023 terá lugar entre o os días 7 e 15 de xuño. Nesta edición as propostas de Plataforma seguen a estar apoiando a creación artística galega e feminina.

Dirixido pola Cooperativa sen ánimo de lucro, Performa, PLATAFORMA conseguiu tender pontes entre as artes visuais e as artes vivas, a arquitectura, o deseño e a innovación baixo o fío da performatividade, ata o punto de ser destacado entre os mellores eventos do ano por medios nacionais como O País ou ABC pola calidade e orixinalidade das súas propostas.

A complicidade da cidade de Santiago de Compostela con PLATAFORMA é total, sendo o seu maior promotor e soporte económico soportando máis do 60% do seu orzamento. En consonancia coa súa relevancia, as localizacións de PLATAFORMA son os lugares máis emblemáticos da cidade, como a Praza do Obradoiro, Praza da Quintana, San Martiño Pinario, Praza das Praterías, Parque de Belvís, Centro Galego de Arte Contemporánea, Parque de Bonaval, Museo das Peregrinacións, Fundación Granell, Teatro Principal, e outros moitos lugares emblemáticos desta cidade Patrimonio da Humanidade.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 2023:

Mércores 07/06/2023

FUNDACIÓN DIDAC

Corpo en Acción. Taller de performance.

Artista: Ana Gesto

Datas: Taller 7, 8 e 9 de xuño. Mostra de resultados 11 de xuño

Duración: 3 clases de 3 horas de duración + 1 día de mostra pública

Horario: por determinar

Número de prazas: 10

A artista de performance compostelá Ana Gesto impartirá un taller teórico-práctico que desenvolverá as ideas de:

TEMPO-ESPAZO-PRESENZA

IDEA-MATERIA-CONTEXTO-PROCESO-PARTITURA

O corpo en acción actuará no espazo público da cidade, intervindo no espazo cotiá e mostrando outras capas de realidade. O taller culminará nunha mostra pública dos resultados dentro do programa de Plataforma. Festival de artes performativas.

**Ana Gesto CV:**

Ana Gesto (Santiago, 1978) estudou Belas Artes (2003-2008) na Universidade de Vigo e en San Carlos de Valencia coa bolsa Sicue/Séneca. Becada pola SUG para estudos de Terceiro ciclo, Nova adxudicación e prórroga, 2009-2010. Formou parte do grupo de investigación “Resistencia e Materialización” da Universidade de Vigo dende 2008 a 2011. Impartiu obradoiros de arte de acción e artes visuais en varias galerías, museos e escolas. Fixo performances en eventos de Arte de Acción e participou en exposicións individuais e colectivas a nivel nacional e internacional. Como en Art d'Acción (Valencia, 2009), Epipiderme (Lisboa, 2011), Acción!MAD11 (Madrid 2011), Corporeidades Feministas en España (Costa Rica 2014), Alén dos xéneros MARCO/Auditorio de Galicia (Vigo e Santiago 2017), ROM Kunst+Arkitektur (Oslo-Noruega 2019), ViolenciaZero (Pontevedra, 2021). Memoria e terra, Recolectoras, (Lugo 2022), Mujeres Dadá de Ediciones Canibaa (Valencia, 2022).

Mércores 07/06/2023

PRAZA DO OBRADOIRO

Antón Reixa e a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. Performance.

Artista: Antón Reixa e a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Horario: 20.00 horas

Duración: por determinar

Entrada libre

A orquestra estará situada máis ou menos, no centro da Praza do Obradoiro.

O performer executará 11 textos, mentres, no entorno da praza se simula unha visita guiada dun pequeno grupo de peregrinos que percorren varios sets representados por pancartas e luces xiratorias (tipo ambulancia, pero sen son).

Os espazos representados serán unha cárcere, un banco, un tanatorio, un hospital, o corredor dun hospital con 6 cuartos.

Antón Reixa CV:

Antonio Xavier Euloxio Rodríguez Reixa coñecido como Antón Reixa, nado en Vigo o 17 de abril de 1957, é un dos maiores representantes da cultura galega contemporánea. Renovador da poesía desde os anos 70, destaca tamén como intérprete musical, produtor e creador en varias das linguaxes audiovisuais. Desde os anos 90 Reixa converteuse ademais en figura popular comparecendo a través dos medios televisivo e radiofónico.

Tras cursar o Bacharelato no instituto Labor de Vigo, Reixa estudou Filoloxía Galega na Universidade de Santiago e entrou en contacto coas vangardas literarias. En 1976 fundou, xunto con Alberto Avendaño e Manuel M. Romón o Grupo Rompente. A vertente literaria de Reixa iníciase logo a finais dos setenta, cando publica en colectivo con Rompente Silabario da turbina e dentro da editora do mesmo nome a obra individual As ladillas do travesti. Seguiron ata a actualidade numerosos títulos de poesía. Nun breve período foi profesor de lingua e literatura galegas, mais abandonou o traballo docente para profesionalizarse nos eidos da música, da videocreación e do audiovisual, desenvolvendo diversos labores (director, guionista, produtor etc.) e asinando algún dos maiores éxitos do sector no noso idioma. Realizou tamén incursións na radio[1] e nos xornais como editor de páxinas culturais ou columnista. O 8 de maio de 2012 foi elixido presidente da SGAE,[2] posto que deixou o 16 de xullo de 2013. En 2021 o Goberno de España concedeulle a Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes.

Banda Municipal de Música CV:

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que naceu en 1848 e perdura nos nosos días. Como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio, paliando en parte as restricións educativas no ámbito musical que sufría a poboación infantil máis desfavorecida e que en moitos casos supuxo un medio de vida para moitos deles.

Durante os primeiros anos é unha agrupación de afeccionados, ata que en 1876 o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse. Nesa época redáctase un regulamento para o seu funcionamento. Unha das súas actividades máis importantes eran os concertos,

denominados paseos, na Alameda ou na Rúa do Vilar, o que supón o traslado da música dos seráns privados a un ámbito público onde poden gozar del cidadáns de todos os estamentos sociais. Actúa tamén nas festas e nas procesións de Semana Santa.

Na actualidade realiza os seus concertos no Teatro Principal e Auditorio de Galicia, Praza da Quintana, Praza das Praterías, Alameda e outros lugares e barrios da cidade na temporada de verán. Conta con 36 compoñentes e a súa actividade baséase fundamentalmente nos concertos dominicais ao longo de todo o ano, concertos de verán os xoves e domingos, concertos didácticos en período lectivo nos que participan centos de escolares de Santiago e da bisbarra, intercambios e actos culturais e protocolarios.

Xoves 08/06/2023

FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Mónica. Performance

Artistas: Federico Vladimir e Pablo Lilienfeld.

Duración: por determinar

Horario: por determinar

Entrada libre ata completar aforo

Mónica é o nome das nosas nais, Mónica Lilienfeld e Mónica Pezdirc. Esta coincidencia fascinounos dende que comezamos a nosa relación: dúas Mónicas, ambas nadas en Arxentina pero de orixe europeo, fillas de emigrados pola Segunda Guerra Mundial. Ambas rubias e con unha fermosa melena rizada.

Mónica segue o "Make Kin" de Donna Haraway e é una ferramenta para pensar unha xenealoxía circular na que o maternal e as relacións horizontais non hetero-normativas son tan importantes como a verticalidade patrilineal. As distintas árbores verticais de xenealoxía reprodutiva vanse entrelazando, conformando un entramado de posibles mundos e posibles épocas; de vidas que se foron, que están aquí e que aínda non tiveron lugar. Así, ao xogar fomos formando unha ecoloxía xenealóxica na que so conviven a épica das guerras, migracións e demais relatos patriarcais historicistas senón tamén as que se foron quedando fora: parentes esperados e inesperados, pantasmas, amantes, virus, xestos, animais non-humanos, cancións, deuses e máis.

Federico Vladimir e Pablo Lilienfeld CV

Viven e traballan entre Bruxelas e A Coruña.

O seu traballo entrelazouse coa súa relación. Partindo da intimidade, exploran representacións da colectividade que cuestionan formas hexemónicas de pertencer e de narrarnos. Ao utilizar a ficción especulativa como ferramenta de mundo, crean espazos nos que converxen a domesticidade, a recreación, a marxinalidade e o desexo. Nas súas actuacións, películas e instalacións, colaboran cos seus familiares, amigos, amantes, virus, pantasmas e outros compañeiros.

Xoves 08/06/2023

Espazo público. Lugar por confirmar. Programación de rúa

Título por confirmar. Danza

Artistas: Verónica Moar e Ruth Balvís.

Duración: por determinar

Horario: por determinar

Entrada libre

Nesta proposta performativa (inérita e site-specific para un espazo non convencional) as intérpretes afondan na contención e o desborde, no escuro, naquilo que está roto e crebado, na fragilidade e a resistencia. Trátase dunha partitura do movemento: impermanente, táctil, polifónica, que apela a todos os sentidos á vez. Os corpos dialogan, desde a súa percepción atmosférica, para presentarnos como experimentan o espazo -liminar- que lles rodea na súa extraordinaria complexidade. Unha mirada que non se impón sobre as cousas, senón que repousa sobre elas.



Verónica Moar (A Coruña, 1978) é ceramista e artista multidisciplinar. O seu traballo caracterízase pola busca do esencial nunha liña narrativa, tendo a memoria como punto de partida. A través da súa obra, Verónica experimenta coas fronteiras da cerámica e a paisaxe, adoptando Galicia como laboratorio natural.

Rut Balvís é creadora-coreógrafa, intérprete e docente de danza contemporánea. É Licenciada en C.C. da Actividade Física e do Deporte e realiza o One Year Certificate in Contemporary Dance en The Place (Londres). En paralelo ao seu proxecto con Pisando Ovos desenvolve o seu traballo docente na Aula de Danza da Universidade de A Coruña dende 2005, ademais de colaborar con outras compañías como Matarile Teatro, Licenciada Sotelo, Lipi Hernández, Traspediente, Iker Gómez, Chévere, Cristina Montero ou Paula Pintos. Forma parte de “The Hunter Lodge” colectivo que se creou a partir do proxecto europeo Choreoroam 2012 e do Colectivo RPM.

Venres 09/06/2023

PRAZA DA QUINTANA

Ley Eterna. Performance

Artista: Mery Pais

Duración: 30 min.

Horario: por determinar

Entrada libre

Lei Eterna é o título dunha acción no medio urbano, unha intervención sonora e colaborativa na que participan vinte colaboradoras/es.

Lei Eterna trata sobre a relixión, a relixiosidade e as crenzas de iguais e de contrarios. Con esta peza preténdese unificar e separar opinións nun acto artístico.

Entrelazar culturas, por medio das chamadas ás súas oración, transcender a realidade mediante un achegamento.

A acción terá lugar na Praza da Quintana invadindo este espazo sagrado, único e propio, converténdoo nun espazo compartido, por medio do audio e a participación activa dos performers, e buscando simular un templo multicultural e inter-relixioso.

Mery Pais CV:

Graduada en Belas Artes polo Institut National des Beaux Arts de Tetouan, Université Abdelmalek Essaadi Marruecos, Máster en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra, UVigo. Participou en diferentes exposicións, tanto individuais como colectivas, en España e no estranxeiro. O seu traballo parte da súa experiencia vital analizando a “imaxe do outro”, a visión entre individuos de culturas diferentes, utilizando distintos recursos para cuestionar e reflexionar sobre os estereotipos de forma gráfica. No seu traballo a arte é utilizada como estratexia para fomentar unha nova experiencia de achegamento entre individuos. A súa obra foi merecedora de premios tales como o Primeiro Premio Auditorio de Galicia para Novos Artistas e foi becada en diferentes residencias artísticas tales como o “III Encontro de Artistas Novos” Cidade da Cultura ou o Proxecto “Wom@rts” (Women Equal Share Presence in the Arts and Creative Industries). Durante varios anos dedicou o seu tempo a deseñar e impartir talleres creativos, na Rede Museística de Lugo, no Museo Thyssen Bornemisza e no Instituto Cervantes de Tánger e Tetúan (Marruecos) ademais da Fundación Premio Convivencia de Ceuta.

Venres 09/06/2023

FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Mónica. Performance

Artistas: Federico Vladimir e Pablo Lilienfeld.

Duración: por determinar

Horario: por determinar

Entrada libre ata completar aforo



Mónica é o nome das nosas nais, Mónica Lilienfeld e Mónica Pezdirc. Esta coincidencia fascinounos dende que comezamos a nosa relación: dúas Mónicas, ambas nadas en Arxentina pero de orixe europeo, fillas de emigrados pola Segunda Guerra Mundial. Ambas rubias e con unha fermosa melena rizada.

Mónica segue o “Make Kin” de Donna Haraway e é una ferramenta para pensar unha xenealoxía circular na que o maternal e as relacións horizontais non hetero-normativas son tan importantes como a verticalidade patrilineal. As distintas árbores verticais de xenealoxía reprodutiva vanse entrelazando, conformando un entramado de posibles mundos e posibles épocas; de vidas que se foron, que están aquí e que aínda non tiveron lugar. Así, ao xogar fomos formando unha ecoloxía xenealóxica na que so conviven a épica das guerras, migracións e demais relatos patriarcais historicistas senón tamén as que se foron quedando fora: parentes esperados e inesperados, pantasmas, amantes, virus, xestos, animais non-humanos, cancións, deuses e máis.

Federico Vladimir e Pablo Lilienfeld CV

Viven e traballan entre Bruxelas e A Coruña.

O seu traballo entrelazouse coa súa relación. Partindo da intimidade, exploran representacións da colectividade que cuestionan formas hexemónicas de pertencer e de narrarnos. Ao utilizar a ficción especulativa como ferramenta de mundo, crean espazos nos que converxen a domesticidade, a recreación, a marxinalidade e o desexo. Nas súas actuacións, películas e instalacións, colaboran cos seus familiares, amigos, amantes, virus, pantasmas e outros compañeiros.

Sábado 10/06/2022

FUNDACIÓN DIDAC

Françoise Vanneraud. Exposición

Artista: Françoise Vanneraud

Horario: 12.00 horas

Entrada libre

Françoise Vanneraud é unha artista francesa que traballa o tempo e a paisaxe como territorio e como narrativa histórica, como memoria, a través da fotografía, o debuxo, a pintura e a instalación con vocación performativa. A exposición *Nin principio nin fin, unha paisaxe á deriva* é un proxecto dunha paisaxe que contén outras paisaxes que a artista acumula e rexistra durante as súas viaxes. Neste caso o punto de partida é unha enorme instalación de fragmentos montañosos -Atlas, Alpes, Cordilleira de Ándelos...- que se deslizan na súa pintura, da cal se desprende o xeo que acaba converténdose nun arquipélago de iceberg que se expande polo chan, nunha sorte de cadro dentro do cadro, con forma de paisaxe que se descompón para lembrarnos a fragilidade da nosa contorna e como nosa actitude ou implicación é clave para a súa preservación ou destrución. Este territorio quebradizo lévanos ao sentido de deriva como maneira alternativa de ver e habitar a realidade, onde para atopar algo resulta preciso perderse.

Françoise Vanneraud naceu en Nantes, Francia 1984. Vive e traballa entre Nantes e Madrid. Françoise Vanneraud é licenciada con honores na Escola Superior de Belas Artes de Nantes en 2007, así como do Master de Arte, Creación e Investigación da Universidade Complutense de Madrid (2011). A súa obra foi exposta nacional e internacionalmente, tanto en exposicións individuais e colectivas. As súas exposicións individuais máis recentes inclúen «Habitar la frontera» (2013) no Museo Nacional Patio Herreriano, «Forever immigrant» (2013) no Museo de Belas Artes da Roche sur Yon, «No me cuentes historias» (2011) na Galería Raquel Ponce, Madrid, «Les insaisissables» (2010) no Musée Estève Bourges, «Mundo en perdición» (2010) na Noche Blanca de Madrid, «Golondrina» (2010) na Fundación da Caixa Galicia, A Coruña, e en Vigo. Destácase tamén a súa participación coa Galería Raquel Ponce, na feira internacional Arco (2012/2013) así como no Maco, Mexico DF (2012). Conta con obras nas Fundaciones Explum e Caixa Galicia, así coma nas Artothèques de Marseille, e de Nantes e no CNAP (centre national d'art plastique).



Sábado 10/06/2022
CRUCEIRO DE SAN PEDRO
Women House. Performance
Artista: Verónica Ruth Frías
Horario: 18.00 horas
Duración: 25 min
Entrada libre

Ao longo da historia da arte as mulleres foron expulsadas sistematicamente dos libros; isto creou, durante moitísimo tempo, unha visión androcéntrica da arte que borrou a moitas que merecen un lugar destacado nas nosas conciencias artríticas.

A sociedade cambia, pero a un ritmo moitas veces inapreciable, e neste camiño, houbo artistas e intelectuais que se enfrontaron ao establecido perpetuado durante séculos e foron abrindo fiestras que outras continuaron.

Na acción *Women House* de Verónica Ruth Frías entendemos a importancia das publicacións destas mulleres pioneiras, e as que viñeron despois, por ser imprescindibles para seguir avanzando xuntas. Coa ironía que caracteriza moitas das propostas desta artista accedemos a unha acción na que se confronta eu presente co eu histórico, utilizando os libros como obxecto simbólico da reflexión que propoñen estes novos slogans de emancipación e visibilización, ou a ser tatuadas con eles, enfatiza a que se converteu nunha das principais claves do movemento feminista actual: a sororidade.

Elas fixeron súa a mensaxe e fixeron transcender a vocación performática inicial, para constituír cos seus propios corpos unha especie de exposición non estática.

Convocatoria: Buscaranse voluntarias para participar na performance colectiva. Cada participante terá que levar polo menos catro libros.

Verónica Ruth Frías CV:

Verónica Ruth Frías (Córdoba, 1978) utiliza o disface, a maquillaxe e a camuflaxe para adquirir outras identidades, e para levar a cabo un corpo de traballo performático que incide nunha crítica ácida e frontal sobre cuestións de xénero. A través das súas personaxes, Frías, cóntanos aquilo que lle preocupa, que lle indigna, e que nos fai cuestionarnos os roles da muller na sociedade actual, reafirmando a súa posición nun mundo de homes e, no seu caso, no mundo da arte.

Sábado 10/06/2022
PARQUE DE BONAVAL
Cando marche non vou pechala porta. Danza.
Artistas: Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez
Duración: 40 min.
Horario: por determinar

A estas alturas podemos xogar coas décadas brincando entre as que palpitan no corpo e as que habitan nos curriculums e así facer un rítmico abaneo: 60-30-60-30-60-30... e botar uns bailes ou unhas parrafadas ou uns cantos ou "tomarlle unha".

A estas alturas das décadas que o corpo expresa na súa materialidade e no seu peso vital hai cuestións nas que as liñas divisorias (no caso de que existiran nalgún momento) entre "vida" e "oficio" comezan a esvaerse como se dunha peculiar presbicia se tratara coa que o enfoque tornase borroso, defectuoso.

Os límites, que cousa son?.

A estas alturas.. que máis ten? Ou ten de certo algo?

Sabemos que non imos ficar nun espazo eternamente, o acto de entrar ou saír, de chegar ou marchar é toda unha aventura. Deixar cousas inconclusas, deixar de dar explicacións afín de fechar "algo" de acoutalo, non ter xa a necesidade de deixar pegada algunha, saberse marca que vai ser borrada polo mar e tomar a decisión: Cando marche non vou pechala porta.

Domingo 11/06/2022
FUNDACIÓN DIDAC



Taller para nenas/os con Françoise Vanneraud

Duración: 90 min

Horario: De 11.00 a 12.30 horas.

Entrada de balde previa inscripción

Idade: De 6 a 10 anos

A artista Françoise Vanneraud impartirá un taller para nenas e nenos no que partillará con elas e eles as posibilidades de xoga da pintura expandida.

Françoise Vanneraud naceu en Nantes, Francia 1984. Vive e traballa entre Nantes e Madrid. Françoise Vanneraud é licenciada con honores na Escola Superior de Belas Artes de Nantes en 2007, así como do Master de Arte, Creación e Investigación da Universidade Complutense de Madrid (2011). A súa obra foi exposta nacional e internacionalmente, tanto en exposicións individuais e colectivas. As súas exposicións individuais máis recentes inclúen «Habitar la frontera» (2013) no Museo Nacional Patio Herreriano, «Forever immigrant» (2013) no Museo de Belas Artes da Roche sur Yon, «No me cuentes historias» (2011) na Galería Raquel Ponce, Madrid, «Les insaisissables» (2010) no Musée Estève Bourges, «Mundo en perdición» (2010) na Noche Blanca de Madrid, «Golondrina» (2010) na Fundación da Caixa Galicia, A Coruña, e en Vigo. Destácase tamén a súa participación coa Galería Raquel Ponce, na feira internacional Arco (2012/2013) así como no Maco, Mexico DF (2012). Conta con obras nas Fundaciones Explum e Caixa Galicia, así coma nas Artothèques de Marseille, e de Nantes e no CNAP (centre national d'art plastique).

PARQUE DE BELVÍS

Poesía performativa

Artistas por definir

Duración: 60 min.

Horario: 13.00 h.

Entrada libre

Domingo 11/06/2022

Espazo público. Lugares por determinar

Mostra de resultados do taller *Corpo en acción* de Ana Gesto. Performance.

Artistas: por determinar resultado da convocatoria

Duración: por determinar

Horario: por determinar

Entrada libre

A tarde do domingo estará dedicada a mostrar o resultado do taller de Ana Gesto *Corpo en Acción*.

Os asistentes ao taller realizarán diversas performances nas rúas da cidade en espazos aínda por determinar nas que mostrarán o aprendido e traballado coa artista Ana Gesto durante os días que durou o taller.

Martes 13/06/2022

PARQUE DE BELVÍS

Foro de Economía Circular Interdisciplinar Plataforma.

Duración: 3 horas.

Horario: De 16.00 a 19.00 horas.

Entrada libre

Neste ano 2023 Plataforma quere ampliar o seu radio de acción á comunicación e á proxección da economía circular e a sustentabilidade, e quere facelo da man dun novo patrocinador privado capaz de acompañar con complicitade o I+D e a formación en economía circular.

A partir do uso de neumáticos reutilizados facilitados por Signus Ecovalor e a complicitade da EASD Mestre Mateo levaremos adiante unha serie de accións que axuden a dar valor ao material e coñecer as súas posibilidades para o deseño industrial e de produto, procesos artesanais e



artísticos, potenciando o seu carácter innovador. Tentaremos así, traballar coa complicitade dos profesores e alumnos da escola para desenvolver un mobiliario/escenario para a realización de unha serie de debates e ponencias nun Foro de Economía Circular interdisciplinar Plataforma e que contará con ponentes como:

Gema Neira Surribas: CEO da empresa Cholita que se encarga de dar unha segunda vida aos plásticos que terminan nos vertedoiros.

Idoia Cuesta: Recoñecida deseñadora artesana destacada co Premio Nacional de Artesanía na categoría de produto no 2015 e Premio Artesanía de Galicia 2021. Traballa para marcas como Loewe ou Zara Home.

Inés Rodríguez: CEO de RIR & Co que ten traballado para deseñadores de moda e pequenas firmas de moda sustentable. En 2020 recibiu o 2º Premio Nacional á Excelencia Innovadora outorgada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e foi finalista no Premio Nacional de Artesanía na categoría de emprendemento. No 2022, recibiu o Premio do Certame de Materiais Innovadores de GAIN (Axencia Galega de Innovación, Xunta de Galicia).

Juan Ares: Deseñador de produto da corrente do slow design. A edición de pezas de mobiliario se establece baixo parámetros esencialmente cualitativos e de produción contida. O respecto ao medio ambiente e á cultura da reciclaxe son pilares básicos na filosofía da súa firma. Deseñou espazos como o Mercado La Galiciana en Santiago de Compostela ou o Centro Comercial Vialia, situado na nova estación de Adif en Vigo.

Mesa redonda: David Barro (Co-director de Plataforma e da Fundación DIDAC, Juan Adrio (Director da Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo) e Isabel López Rivadulla (Directora de Comunicación e Marketing de Signus Ecovalor).

Mércores 14/06/2022

Lugar por determinar

***Bahía Botánica.* Conferencia performativa**

Artista: Hugo Torres

Duración: por determinar

Horario: por determinar

Entrada libre ata completar aforo

Fai dous anos Hugo Torres descubriu un aparato que lle permite traducir a pulsación vital das plantas en linguaxe musical. Agora decidiu falar con elas e escoitar o que teñen que dicirle.

Bahía Botánica é unha conversación entre dúas especies, unha experiencia sónica entre un ser animal que busca atopar o seu lugar no mundo e un ser vexetal que soamente busca o sol e a felicidade.

Hugo Torres CV:

Hugo Torres (Viseu, Portugal) é actor, músico, compositor e director artístico.

Comeza a súa traxectoria aos seis anos na compañía Trigo Limpo de Tondela. Nos anos noventa trasládase a Oporto donde se licencia en Teatro/Interpretación na ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo).

Dende 1996 e ata o 2006 forma parte do elenco estable do Teatro Nacional São João de Oporto. A inicios do 2000 trasládase a Barcelona a estudar cine no CECC e dende 2007 vive en Santiago de Compostela onde funda a compañía Voadora da que foi director artístico con Marta Pazos ata o seu peche no 2022.

Conta cun Premio María Casares XVII á Mellor Música Orixinal por *Tokio3*.

Xoves 15/06/2023

CGAC

***La Fiesta.* Performance.**

Artista: Marc Vives

Duración: por determinar

Horario: 18.00 horas

Entrada libre ata completar aforo

A *Festa* é unha peza en formato escénico que toma como punto de arranque unha conferencia de Roger Caillois do 1939 con título homónimo. Fragmentos do devandito texto, a súa lectura e relectura en voz interior e exterior, a procura dun lugar dentro do espazo, unha postura que propón unha emisión de voz, ou un movemento que resultará ser un ritmo percutido son algúns dos disparadores para achar a formulación improvisada dunha serie de cánticos. As frases son deglutidas, incorporadas e devoltas de maneira sintética e fragmentada a través da voz e certa xestualidade sincopada. As frases toman novas corporeidades despegadas do seu referente orixinal. O ritual consta en repetir este acontecemento unha e outra vez, con outras frases que chaman a labrar melodías descoñecidas desde a suor e o esforzo. O obxectivo non é outro que tratar de vencer a unha temporalidade e converter todo nun continuo. O contido performático da peza, bebe de maneira velada de tradicións vocais de diversas procedencias e segue na procura e incorporación de vínculos reais da festa ancestral en territorio mediterráneo.

Marc Vives CV.

Na súa investigación artística recente, Marc Vives (Barcelona, 1978) fíxase nas formas e protocolos das actividades de lecer, nos tempos que articulan a dicotomía entre rutina, vida regular e festa, lugar de excepción. As súas últimas propostas leváronlle a poñer o foco en enclaves concretos como a montaña de Montjuïc ou a Costa Brava que son visitados dede o mar, a través de exercicios nadatorios e de canto. Froito destas prácticas constrúe os seus traballos escénicos.

Na área da práctica artística, formou parte do dúo Bestué/Vives (2002-2012), cuxa obra está nas coleccións de MNCARS, MACBA, CGAC, entre outras, e que chegaron a expor na 53ª Bienal de Venecia. A título individual o seu traballo bascula entre as artes visuais e as artes en vivo, así como dende a docencia, presentando en espazos como Redcat, Los Ángeles, Rogaland Kunstsenter, Stavanger (Noruega); EACC, Castelló, Fundación Joan Miró, Barcelona, etHALL, Barcelona; Mercat de les Flors, Barcelona e Antic Teatre, Barcelona, entre outros.

Tamén iniciou diversos proxectos independentes (L'Estruch, Hamaca, YProductions, Por la Vena, Radiobucket) actualmente é socio fundador da cooperativa de artistas Tractora Koop. E e codirixe GRAF.cat. Dedícase á docencia e á práctica relacional a través de laboratorios como Escola Massana, ou CA2M.

Xoves 15/06/2023

CGAC

***Roland mon amour*. Teatro**

Artista: Cristina Balboa

Duración: por determinar

Horario: 20.00 horas

Entrada libre ata completar aforo

Roland Mon Amour é un proxecto de artes vivas que fusiona palabra, música, acción escénica e movemento. Está concibido como un monólogo multidisciplinar, creado e interpretado por Cristina Balboa, onde se integran diversas metodoloxías de creación escénica, desde a composición en tempo real, a intuición musical, a relación co cotián e a comunicación co público. “Roland é un instrumento para o amor. Roland son eu, que o acendo e ti que les isto. Roland é un facilitador de encontros, unha necesidade absoluta de comunidade e afectos. Roland mon amour é unha escusa para mergullarnos no que queremos aprender, nas experiencias que queremos vivir, nen os xoguetes que queremos de-construír para ver o que queda de nós nese proceso, a linguaxe que conseguimos materializar entre o emocional do presente e o goce creativo co obxectivo último de compartir, de xerar complicidades e identificación, de recoñecernos como parte dun colectivo e achegar a nosa valiosa fragilidade.”

Cristina Balboa CV

Artista escénica e video-realizadora, na súa traxectoria teatral destacan as colaboracións como intérprete na Cía D2 nos espectáculos *Queremos Bailar* e *Las verdades duelen*. Dende 2011 dirixe a Cía. Funboa Escénica, fundada en 2011 por Paulina Funes e Cristina Balboa coa que realizou espectáculos como *Oiseau Rebelle* con Paulina Funes (2011), *Sigue Buscando* con



Estevo Azañón (2013), *Sushi Gratis* con Lúa Gándara (2015) e a micropeza *Anoter Espectacle*. En 2018 crea *Masa Madre + Sal Marina* co seu compañeiro Manuel Parra. Xuntos investigan en *Proxecto Pank*, un Viveiro de propostas artísticas multidisciplinares.

En 2015-16 realiza o Máster en Práctica Escénica y Cultura Visual da UCLM presentando, en xuño no Teatro Pradillo, a peza *Fin de Máster*, Lo que mejor hacemos sobre el escenario, un proxecto tutorizado por Los Torreznos e acompañado polos compañeiros e artistas invitados no proceso formativo. Ademáis, escribiu e intrerpretou os monólogos *No me cuentes tu vida* e *Biolóxica*.

Na actualidade é residente do Centro Dramático Nacional.

Xoves 15/06/2023

CGAC / Parque de Bonaval

AKAZIE DJ

Duración: 60 minutos

Horario: por determinar

Entrada libre

Akazie é o nome baixo o que a artista Acacia Follea (Vigo, 1994) exerce como DJ e selectora de contido musical maioritariamente enfocado na escena postclub, cun gran interese nos discursos máis próximos á música deconstruída e o ruído. Despois de estudar música clásica, graduarse en Belas Artes e especializarse en cinema experimental e electroacústica, Acacia desenvolve transversalmente proxectos vinculados ás artes sonoras e á linguaxe fílmico a través dun achegamento conceptual e investiga ao redor do impacto da dixitalización nas novas prácticas de música contemporánea e da arte intermedia.

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS
(Detallar o orzamento por partidas/actividades)

Exercicio: 2023

Datas de realización: 7/06 ao 15/06

Importe da actividade: 51.100 euros (IVE non incluído)

Importe da subvención concedida: 50.000 euros

CONCEPTO	IMPORTE SEN IVA
Honorarios artistas participantes	19.000
Gastos de produción, transporte, viaxes, alugueiros e aloxamento	6.800
Gastos de deseño, impresión, comunicación, fotografía e vídeo	5.300
Gastos de persoal	20.000
TOTAL	51.100

ORZAMENTO DESAGREGADO DE INGRESOS
(Detallar o orzamento por entidades financiadoras)

ENTIDADE FINANCIADORA	IMPORTE PREVISTO	% SOBRE O TOTAL DE INGRESOS PREVISTOS
• Concello de Santiago	50.000 €	
•		